

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 2 DE MARZO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na AC-543. Treito: Urbanización Monte Devesa-Aldea Buio (p.q. 10 + 160 - 10 + 870), de clave: AC/16/088.06, no Concello de Brión.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na PO-250 entre Amoedo e Pazos de Borbén, p.q. 6 + 500 – 7 + 320, de clave: PO/16/060.06, no concello de Pazos de Borbén.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2017.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a retrocesión a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social do edificio do Centro de Saúde de Tui, sito na praza de Galicia, s/n, Tui (Pontevedra).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos futuros inferiores ao 10% nas anualidades 2019 e 2020, no expediente Plisan-2017/EDAR, que tramita o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria para o exercicio 2017 das axudas do Igape para a contratación de xestores de internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, por un importe total de cincocentos mil euros (500.000,00 €), e se exime de constitución de garantías nos pagamentos a conta.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a situación da dixitalización no Sistema único de rexistro da Xunta de Galicia e Cadro de indicadores de evolución da administración dixital.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o balance da RIS3 de Galicia.
- Informe sobre as convocatorias de axudas do Igape para a internacionalización das empresas galegas.
- Informe sobre a Estratexia da biomasa 2017.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Proxecto Código Amable do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe relativo á concesión de axudas individuais destinadas á adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal, así como á adquisición de servizos complementarios de asistencia persoal, a persoas con discapacidade no exercicio 2016.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre os resultados do Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA ENTRE GUNDÍN E ALDEA BUIO, NO CONCELLO DE BRIÓN, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 330.000 EUROS

- *O Goberno galego licitará nas vindeiras semanas as obras de execución dun itinerario peonil e ciclista de 710 metros na marxe dereita da AC-543*
- *O Decreto de utilidade pública aprobado hoxe comprende as expropiacións dos 11 predios necesarios*
- *Como obras complementarias á senda construíranse dous muros de contención e instálaranse unha rede para canalización das augas de drenaxe e tubaxes en previsión de futuras canalizacións de telefonía ou electricidade*
- *Coa execución da senda existirá un itinerario peonil continuo dende Gundín ata Bertamiráns, pasando polos Ánxeles, que se completará ata Santiago coas sendas entre Vidán e Aldea Nova que se están a desenvolver*
- *Este itinerario peonil e ciclista está enmarcado no Plan de sendas de Galicia para a comarca de Santiago, na que a Xunta executará uns 15 quilómetros de sendas, cun orzamento de case 3,7 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe as expropiacións para a execución dunha senda peonil e ciclista na estrada Santiago- Noia (AC-543), no treito entre Gundín e a urbanización Monte Devesa, en Aldea Buio, no concello de Brión.


O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 11 predios necesarios para a execución dun itinerario para uso peonil e ciclista na estrada AC-543, que permitirá comunicar Aldea Buio con Gundín. A súa base técnica é o proxecto de construción redactado pola Xunta, que conta cun orzamento de licitación que supera os 330.000 euros.

As obras centraranse na execución dunha senda de 710 metros de lonxitude na marxe dereita da estrada AC-543, que conectará as beirarrúas de aldea Buio (p.q. 10+160), nas proximidades da glorieta co acceso á urbanización Monte Devesa, coas existentes en aldea Gundín (p.q. 10+870).

A sección tipo ten un largura de 3,15 metros e consta dunha senda de 1,8 metros de largo separada da calzada por unha zona axardinada de 0,9 metros máis os bordos de separación. Como obras complementarias construíranse dous muros de contención, de 215 e 35 metros, respectivamente, e instálaranse unha rede para canalización das augas de drenaxe e tubaxes en previsión de futuras canalizacións de telefonía ou electricidade.

Coa execución da senda existirá un itinerario peonil continuo nesta estrada dende Gundín ata Bertamiráns, pasando polos Ánxeles; que se completará, ademais, ata

Santiago de Compostela mediante as sendas entre Laraño e Aldea Nova que se están a desenvolver.



Plan de sendas en Santiago


Este itinerario peonil e ciclista está enmarcado na primeira fase do Plan de sendas de Galicia, concretamente na comarca de Santiago, na que a Xunta executará uns 15 quilómetros de sendas, cun orzamento de case 3,7 millóns de euros.

Na mesma estrada da AC-543 na que se executará a senda de Brión estase a traballar na execución dun itinerario peonil de case dous quilómetros entre Vidán e Laraño, en Santiago de Compostela. Na mesma vía executaranse, ademais, outros dous treitos de senda que permitirán completar o itinerario para peóns e ciclistas dende Laraño ata Aldea Nova (Barcia – Roxos e Roxos – Aldea Nova), cuxos proxectos están xa en fase de supervisión.

A Axencia Galega de Infraestruturas vén de rematar recentemente case seis quilómetros de senda na AC-240, no concello de Touro.

Na estrada AC-960 desenvolverase outra senda desde A Susana ata Eirexe, cuxo decreto de utilidade pública foi aprobado polo Consello da Xunta da semana pasada e que se licitará en próximas datas.

Tamén está en fase de supervisión o proxecto dun itinerario para fomento da mobilidade sustentable na AC-841, no concello de Teo, desde o consultorio local de Pontevea ata a zona norte desta localidade.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL E CICLISTA PARA CONECTAR AS TRAVESÍAS DE AMOEDO E PAZOS DE BORBÉN, CUN INVESTIMENTO DE 220.000 EUROS

- *O Goberno galego licitará nas vindeiras semanas as obras do itinerario de 820 metros na marxe dereita da estrada PO-250*
- *Esta actuación forma parte do Plan de sendas de Galicia, que prevé a execución de 9 actuacións na comarca de Vigo, sumando un total de 12,5 quilómetros de novos itinerarios, cun orzamento que supera os 4,3 millóns de euros*


O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de execución dunha senda entre as travesías de Amoedo e Pazos de Borbén, na que o Goberno galego investirá 220.000 euros.

A licitación do contrato de obras levarase a cabo nas vindeiras semanas e o levantamento de actas previas prevese para o terceiro trimestre de 2017.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda executará unha senda na marxe dereita da estrada PO-250 (Redondela-Forzans) de case 820 metros de lonxitude, que conectará as beirarrúas de Amoedo, no punto quilométrico 6 + 500, coas existentes no núcleo de Pazos (p.q. 7 + 320).

A base técnica desta actuación é o Proxecto de Construción redactado polo Executivo autonómico o pasado ano, que conta cun orzamento base de licitación que supera os 220.000 euros e o investimento estimado para as expropiacións é de case 20.000 euros.

A sección tipo consta dun largo de 4,4 metros, cunha senda de 2,5 m de largo separada da calzada por cuneta de seguridade, unha zona axardinada mais os bordos de separación; salvo nos últimos 70 metros, na zona urbana de Pazos, na que a sección se reduce eliminando a cuneta e a banda vexetal. Como obra complementaria executaranse dous muros de contención.




Coa execución desta senda existirá un itinerario peonil continuo nesta estrada entre Amoedo e Pazos de máis de 2 quilómetros, xa que estes núcleos urbanos xa contan con beirarrúas.

Plan de sendas

Esta actuación forma parte do Plan de sendas de Galicia, que executará 9 actuacións na comarca de Vigo, sumando un total de 12,5 quilómetros de novos itinerarios, cun orzamento que supera os 4,3 millóns de euros.

O Plan de sendas de Galicia é unha iniciativa do Goberno galego que forma parte do Plan de seguridade viaria 2016-2020, e que ten como obxectivo desenvolver as infraestruturas necesarias para facilitar unha mobilidade segura e saudable alternativa ao automóbil.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN ANUAL 2017 DA COOPERACIÓN GALEGA QUE CONTA CUN INCREMENTO NO ORZAMENTO DE MÁIS DUN 7,7 POR CENTO

- *O Plan anual 2017 terá unha dotación orzamentaria de 4,5 millóns de euros e conta coa aprobación do Consello Galego de Cooperación (Congacode)*

O Consello da Xunta aprobou o Plan anual da cooperación galega para o Desenvolvemento deste ano, que conta cun incremento no seu orzamento de máis dun 7,7 por cento e que conta coa aprobación do Consello Galego de Cooperación (Congacode), órgano asesor e de coordinación da cooperación galega no que están representados a Administración autonómica, as ONGD e o resto dos axentes galegos de cooperación.

O Plan anual 2017 da cooperación galega para o desenvolvemento recolle as actuacións previstas para o ano 2017 e conta cunha dotación orzamentaria de máis de 4,5 millóns de euros, o que representa un incremento dun 7,7% con respecto ao aprobado para o ano 2016.

Para este ano, o plan aposta pola utilización principal do instrumento das convocatorias públicas de concorrencia competitiva. Así, publicaranse as convocatorias de axudas que tradicionalmente xestiona a Cooperación Galega como son as de proxectos no exterior, educación para o desenvolvemento e bolsas de formación, e tamén outras que non se tiñan publicado nos últimos anos, como a de proxectos de acción humanitaria ou a de proxectos de investigación para o desenvolvemento das universidades galegas.

Así mesmo, asinaranse, entre outros, convenios de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD e o Fondo Galego e continuarase co financiamento daqueles proxectos xa aprobados no ano 2016 e que teñen compromisos no ano 2017.

Este Plan Anual, último dos enmarcados no III Plan director da cooperación galega 2014-2017, afonda no logro dos resultados de xestión recollidos no dito plan director cara á mellora da eficacia da axuda a través da concentración xeográfica e sectorial desta, á maior coordinación dos actores e complementariedade das súas actuacións e á orientación estratéxica das actuacións de cooperación que poña en valor as singularidades da nosa comunidade.

A XUNTA SEGUE AVANZANDO NOS TRÁMITES PARA QUE TUI CONTE CUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL

- ***O Consello da Xunta aproba a retrocesión do antigo Centro de Saúde á Seguridade Social para que esta poida cedelo de novo para usos xudiciais***

O Goberno galego continúa avanzando nos trámites necesarios para que Tui conte cun novo xudicial. De feito, hoxe mesmo o Consello da Xunta aprobou a retrocesión do antigo centro de saúde á Seguridade Social, para que esta poida cedelo de novo para usos xudiciais.

Deste xeito, a Xunta continúa avanzando neste proceso, logo de que hai dúas semanas licitase a auditoría enerxética e a redacción do proxecto básico para a rehabilitación do edificio.

A Administración autonómica ten previsto investir máis de dous millóns de euros - 700.000 euros este ano e 1,5 millóns en 2018- para poder concentrar os tres xulgados de Tui nun único edificio xudicial, o que redundará nunha mellora para os usuarios e para os propios traballadores.

Actualmente os xulgados atópanse en dúas instalacións: o número 1 e o número 2, nun edificio transferido no ano 1995 de titularidade actual da Xunta de Galicia; e o número 3, nun local en cesión de uso de titularidade do Concello.

En concreto, o proxecto reagrupará os tres xulgados de Primeira Instancia e Instrución de Tui nun único espazo e permitirá satisfacer necesidades que actualmente non se poden atender como unha zona de arquivo, a dotación dunha oficina de atención á vítima de violencia de xénero, se é necesario, así como zona de espera e acceso separado para as vítimas de violencia de xénero.

Esta actuación inscríbese no esforzo do Goberno galego por seguir colaborando na mellora da Administración de xustiza, como se reflicte nos orzamentos de 2017, que consignan a partida máis elevada da historia da autonomía para esta materia, con preto de 140 millóns de euros, 6,3 millóns máis que no exercicio anterior.

Dentro deste orzamento hai que destacar o Plan de infraestruturas xudiciais, folla de ruta na que se enmarca a actuación de Tui e que ten como obxectivo acometer melloras fundamentais nas grandes sedes xudiciais galegas. Así, este plan recolle para 2017 a finalización da rehabilitación da Fábrica de Tabacos da Coruña, cun investimento que supera os 16 millóns de euros; a execución da obra do novo edificio xudicial de Pontevedra con 19,5 millóns de orzamento total; e a licitación e adxudicación dos contratos da Cidade da Xustiza de Vigo, que concentrará a

actividade xudicial viguesa no antigo Hospital Xeral, e contará cun investimento de máis de 25 millóns.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 4 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS NA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE SALVATERRA-AS NEVES

- *O Diario Oficial de Galicia publicará nos vindeiros días a licitación da redacción do proxecto e das obras deste equipamento, que ten un prazo de execución de 12 meses*
- *As obras de urbanización da primeira fase dos sistemas xerais están actualmente executada nun 70 por cento*
- *O Goberno galego, que impulsa este nodo loxístico conxuntamente coa Zona Franca e o Porto de Vigo, prevé iniciar a comercialización do solo este ano e para que as empresas comecen a instalarse en 2018*
- *Os primeiros 100.000 metros cadrados da Plisan poranse á disposición das empresas a 50 euros o metro cadrado e coa opción de acceso en réxime de dereito de superficie*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o gasto plurianual de 4 millóns de euros por parte da Consellería de Infraestruturas e Vivenda para a construción, posta e funcionamento e explotación da estación depuradora de augas residuais (Edar) da Plataforma Loxístico-Industrial de Salvaterra-As Neves (Plisan).

A licitación dos traballos, que inclúen a redacción do proxecto construtivo da depuradora, a súa construción, e a posta en marcha da explotación publicarase no *Diario Oficial de Galicia* nos próximos días. O prazo para a redacción do proxecto será de tres meses a partir da sinatura do contrato. Posteriormente, a construción terá que executarse nun prazo máximo de 12 meses.

As obras consistirán na construción dunha estación depuradora dimensionada para a primeira fase da Plisan pero preparada para as ampliacións futuras previstas. Incluirá a execución dun tanque de emerxencias, de 900 m³ de capacidade. Ademais prevé a construción do acceso, duns 241 metros de lonxitude e 5 metros de largo, a instalación do colector da entrada á depuradora, a acometida eléctrica, telecomunicacións e abastecemento. Tamén se executará o colector de vertedura ao río Miño das augas depuradas, con 464 metros de lonxitude e 400 milímetros de diámetro.

Como obras complementarias instalaranse equipos de bombeo, implementarase un sistema de xestión de verteduras accidentais e realizaranse labores de recuperación da canle dun muíño próximo á estación depuradora.

Actualmente estanse desenvolvendo as obras da primeira fase dos sistemas xerais da Plisan, que están executadas nun 70 por cento e nos próximos días 7, 8, 14 e 15 de

marzo se procederase ao pagamento de algo máis dun millón de euros aos propietarios dos predios afectados polas expropiacións de solo.

O Goberno galego, que impulsa este nodo loxístico conxuntamente coa Zona Franca e o Porto de Vigo, prevé iniciar a comercialización do solo este ano e para que as empresas comecen a instalarse en 2018.

Os primeiros 100.000 metros cadrados da Plataforma Loxística de Salvaterra- As Neves poranse á disposición das empresas a 50 euros o metro cadrado e coa opción de acceso en réxime de dereito de superficie.

O PROGRAMA GALICIA EXPORTA EMPRESAS IMPULSARÁ CON 6 MILLÓNS DE EUROS A INTERNACIONALIZACIÓN DE 300 PEMES

- *Os autónomos poderán acollerse por primeira vez a estas axudas, que cobren o 70% do investimento e apoian tanto actividades de difusión como a participación en eventos expositivos e accións de prospección internacional*
- *A Xunta promove tamén o programa de xestores de exportación, que permite a incorporación ás pemes de novos profesionais que busquen iniciar a súa carreira profesional e como novidade de expertos maiores de 45 anos en situación de desemprego*
- *Estas convocatorias complementáanse co Galicia Exporta Organismos intermedios, xa activado e que apoiará a internacionalización doutras 200 empresas no marco de proxectos colectivos*
- *Os programas enmárcanse na Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020, que busca facer das exportacións un motor de emprego e crecemento empresarial consolidando a recuperación económica*
- *As exportacións galegas marcaron en 2016 un novo récord histórico ao superar por primeira vez os 20.000 millóns de euros, un 6,4% máis que en 2015*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria destinará 6 millóns de euros, un 20% máis que na convocatoria anterior, ao programa Galicia Exporta Empresas, a través do cal se prevé apoiar a internacionalización de 300 pemes galegas no desenvolvemento de accións que lle permitan incrementar as súas vendas ao exterior e mellorar a súa competitividade.

Este programa, destinado ás pequenas e medianas empresas e por primeira vez tamén aos autónomos, recolle axudas do 70% do investimento subvencionable destinadas á prospección en mercados internacionais, así como á realización de actuacións de difusión e promoción, coa participación en eventos expositivos. Así mesmo, como novidade, apóiase aos solicitantes que operando en Galicia, buscan a captación de clientes estranxeiros, incluíndo, polo tanto, as empresas inmersas en procesos de internacionalización inversa como posibles beneficiarios. O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses desde a publicación da convocatoria no DOG.

A anterior convocatoria do programa Galicia Exporta Empresas concedeu axudas para facilitar a internacionalización de 232 empresas galegas. Por sectores, entre as pemes beneficiarias destacaron as de agroalimentación, seguidas das de téxtil-moda, construción, servizos e maquinaria e equipamento.

Ademais de informar deste programa, no Consello da Xunta aprobouse a nova convocatoria de axudas para facilitar a contratación de xestores de

internacionalización, un programa que ten apoiado xa a incorporación ás pemes galegas de máis de 300 profesionais.

A convocatoria deste ano, cun orzamento de 500.000 euros, facilitará a contratación, por pemes e por primeira vez por autónomos, de novos profesionais que busquen iniciar a súa carreira profesional no ámbito da internacionalización, facilitando, así, a especialización neste eido. Como novidade, tamén se facilitará a contratación de expertos maiores de 45 anos en situación de desemprego.

Prevese que a convocatoria permita apoiar a contratación duns 40 xestores con axudas que cobren ata o 85% do salario neto durante 15 meses de contrato.

Estes programas súmanse ao Galicia Exporta Organismos intermedios, xa activado, co que se prevé apoiar a internacionalización doutras 200 pemes ao abeiro de proxectos colectivos. Enmárcanse dentro da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020, impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e que busca facer das exportacións un motor de emprego e crecemento empresarial consolidando a recuperación económica. A través destas tres convocatorias, a Xunta dedica 8 millóns de euros, o que contribuirá á internacionalización de máis de 500 pemes galegas.

Récord histórico de exportacións

O esforzo continuado da Xunta de Galicia no ámbito da internacionalización contribúe a que as exportacións galegas marcaran en 2016 un novo récord histórico, ao superar por primeira vez os 20.000 millóns de euros, e rexistrar un incremento dun 6,4% con respecto ao 2015.

Durante o pasado ano, ademais, sumáronse á exportación preto de 400 novas empresas, incrementando o número de compañías exportadoras ata 6.702. Ao mesmo tempo, seguiu medrando un ano máis o número de exportadoras regulares ata sumar 2.329, un 4% máis que en 2015, cando se marcouse o anterior récord.

A XUNTA DIXITALIZARÁ ESTE ANO AS 173 OFICINAS DE REXISTRO DEPENDENTES DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- *É un paso fundamental para conseguir unha tramitación 100% electrónica*
- *Os documentos que entren nas oficinas de rexistro serán dixitalizados e enviados nese mesmo momento ás unidades tramitadoras, evitando esperas ou extravíos*
- *Iníciase así o expediente electrónico do procedemento, que se almacenará no Arquivo Dixital de Galicia e estará accesible en liña de xeito seguro*
- *Xa se completou o proceso nos 8 rexistros, que concentran máis do 50% da entrada de documentos na Administración autonómica*
- *Durante este ano avanza tamén na integración coa plataforma que permite de interconexión cos rexistros da Administración xeral do Estado e con outras comunidades autónomas*

A Xunta dixitalizará ao longo deste ano as 173 oficinas do Sistema de Rexistro Único, que dependen da Administración autonómica. Este proceso, previsto no Plan de goberno e administración dixital 2020, é un dos pasos fundamentais para garantir unha tramitación administrativa integramente electrónica, eliminando o uso do papel desde o inicio do procedemento, así como a súa circulación ata as unidades tramitadoras.

Unha vez completado o proceso, estas oficinas dixitalizarán os documentos que os cidadáns entreguen en papel, iniciando así o expediente dixital do procedemento, que se almacena no Arquivo Dixital da Xunta, e estará accesible en liña dun xeito seguro e controlado por parte dos profesionais que precisen consultalo.

No mesmo momento da presentación o cidadán recupera o documento orixinal coa etiqueta de rexistro correspondente, que será a mesma que queda almacenada no documento dixitalizado. Deste xeito evítanse perdas e retrasos e garántese que a documentación chegue á unidade tramitadora no mesmo momento da presentación.

8 rexistros dixitalizados e servizo de cita previa en marcha

En 2016 completouse a dixitalización dos 8 rexistros da Xunta que concentran o 53% da entradas de documentación: o Rexistro Xeral, os rexistros únicos da Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense e o rexistro da Amtega. O proceso de dixitalización acompañouse dun programa formativo no que participaron máis de 80 empregados públicos, así como dun servizo de asesoramento no arranque da iniciativa en cada rexistro.

En 2018 continuarase o proceso nas restantes 342 oficinas de rexistro pertencentes a concellos e entidades comarcais, completando así as 512 oficinas que integran o Sistema de Rexistro Único da Xunta.

Ademais, ao longo deste ano estenderase o servizo de cita previa, actualmente dispoñible nos rexistros únicos de Pontevedra e Vigo, e que permite reservar data e hora para presentar solicitudes, escritos ou documentos dirixidos ás administracións públicas así como a compulsa dos documentos que acompañen aos anteriores. A reserva realízase a través do portal da Xunta www.xunta.gal, na que o cidadán obtén un código co que acude á oficina de Rexistro.

Interconexión cos rexistros estatais e autonómicos

Outra das actuacións que se desenvolverán este ano é a integración coa plataforma SIR, que permite o envío electrónico dos asentos rexistrais entre comunidades. Comezaranse coas oficinas do rexistro xeral e dos rexistros Únicos da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Da Oficina de Rexistro á Oficina de Atención Presencial

A dixitalización das oficinas de Rexistro é unha das esixencias da lei 39/2015, que entrou en vigor o pasado mes de outubro. Este novo marco normativo busca transformar as actuais oficinas de rexistro en oficinas de asistencia, nas que os cidadáns poderán ser asesorados no uso de medios electrónicos.

Exixencias da lei 39/2015 en marcha

Ademais da dixitalización dos Rexistros, a Administración autonómica galega ten en marcha outras das principais pezas da Administración dixital que exige a Lei 39/2015 como as notificacións electrónicas, a plataforma de interoperabilidade, e a mellora das funcionalidades da sede electrónica, o Arquivo Electrónico ou a sinatura dixital.

Galicia puxo en marcha o ano pasado o sistema notifica.gal, que permitiu o envío de 31.000 notificacións electrónicas. A Xunta conta xa desde 2015 coa Plataforma de Interoperabilidade Pasaxe!, con preto de 40 certificados dispoñibles, e que en 2016 evitou a presentación de máis de 2,6 millóns de documentos (certificados de discapacidade, familia numerosa, parella de feito, títulos universitarios...). Durante o pasado os empregados da Administración autonómica asinaron de xeito dixital máis de 1 millón de documentos.

A sede electrónica da Xunta rexistrou en 2016 máis de 89.000 xestións en liña e acaba de habilitarse a obtención dos certificados de familia numerosa e discapacidade a través da sede. Ademais, simplificouse o seu acceso coa posta en marcha do Servizo Chave 365, que substitúe o uso de certificados dixitais por claves concertadas no móbil, e que xa empregan máis de 13.000 persoas.

A administración autonómica conta tamén cun dos piares da administración dixital, o Arquivo Electrónico, que permite xestionar o ciclo de vida completo de cada

documento e posibilitará, tanto os empregados públicos como o propio interesado, recuperar e consultar calquera información dun expediente

A XUNTA XA LOGROU MOBILIZAR PRETO DE 800 MILLÓNS EN INNOVACIÓN A TRAVÉS DA ESTRATEXIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE – RIS3

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, concedeu, no marco desta planificación, 1.700 axudas públicas á I+D+i nos últimos 3 anos*
- *Preto do 80% do capital mobilizado céntrase na mellora da competitividade Industria 4.0 e a diversificación industrial*
- *As pequenas e medianas empresas son as destinatarias de case a metade dos apoios*
- *Tres de cada catro axudas concéntranse en programas para incorporar a I+D+i na práctica empresarial das pemes e para a transferencia tecnolóxica*
- *Galicia multiplicou por tres a porcentaxe de proxectos europeos H2020 que lideran entidades galegas*

O Goberno galego, na súa aposta pola innovación como un dos piares do crecemento e a mellora competitiva do tecido produtivo galego, está a desenvolver a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia - RIS3, cuxo balance de actuacións coñeceu hoxe o Consello da Xunta. En total, está a mobilizar 786 millóns de euros en innovación desde a súa orixe no ano 2014 a partir dun investimento público de 429,3 millóns a través do que se concederon 1.700 axudas.

O desenvolvemento da RIS3 está a permitir impulsar unha política galega de innovación sólida e eficiente, con capacidade para promover a competitividade empresarial, o crecemento económico e a creación de emprego estable. Así, a Estratexia susténtase no apoio ás pemes, na implicación do capital privado, na transferencia de resultados da investigación ao tecido empresarial e no emprendemento innovador.

Esta capacidade de mobilización de capital está sendo posible grazas ao esforzo investidor da Xunta e á solvencia das contas públicas galegas.

Neste contexto, dos tres retos presentados pola RIS3, a mellora da competitividade Industria 4.0 e a diversificación da industria (reto 2) concentrou preto do 80% da mobilización de capital, preto de 565 millóns, en liña coa Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0 coa que o Goberno galego, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, busca modernizar o tecido empresarial da comunidade. A xestión innovadora dos recursos naturais e culturais (reto 1) concentrou o 13,5% dos fondos mobilizados, e o resto correspondeulle ao desenvolvemento dun novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo (reto 3).

Así mesmo, o apoio ás pequenas e medianas empresas é outro dos puntos destacados da estratexia, acadando case a metade das axudas concedidas ao sector produtivo. Deste xeito, facilítase a transferencia de coñecemento ao tecido empresarial galego,

conformado na súa maioría por pemes, ao tempo que se impulsa a mellora da súa competitividade e o crecemento da economía galega.

Pola súa banda, cómpre salientar que as grandes empresas foron os axentes que demostraron unha maior capacidade mobilizadora de capital, de forma que por cada euro recibido en axudas públicas con cargo á RIS3 achegaron máis de 1,6 euros. En total, as axudas destinadas a empresas ascenderon a preto de 263 millóns de euros co que se mobilizaron preto de 560 millóns. En global, preto do 70% das axudas xestionadas polas administracións galega e estatal tivo como destinatario a empresas.

A Estratexia de Especialización Intelixente-RIS3 desenvólvese a través de 4 programas: pemes innovadoras para ser competitivas (Peme Innova); investimento público para atraer capital privado (Innova en Galicia); fomento da transferencia de investigación ao mercado (Galicia Transfire); e oportunidades para o talento investigador e emprendedor (Emprendemento Innovador). Neste eido, o 74% das axudas concéntranse nos programas Peme Innova e Galicia Transfire orientados a estimular a incorporación da I+D+i na práctica empresarial das pemes e reforzar a transferencia dos resultados ao mercado.

Fondos europeos

Os instrumentos activados contribuíron a mellorar a capacidade dos axentes do Sistema Galego de I+D+i para competir a nivel internacional. Así o demostra o nivel de captación de fondos procedentes do programa Horizonte 2020.

Galicia, ademais, multiplicou por tres a porcentaxe de proxectos que lideran entidades galegas en relación co anterior programa europeo e en relación co orzamento europeo para I+D+i que se concedeu, Galicia dobrou a súa cota de fondos conseguidos. En concreto, o número total de axudas captadas por Galicia en Horizon 2020 sumaron 48,6 millóns, o que implica que se multiplicou por 2,4 o conseguido no anterior período.

O Goberno galego prevé mobilizar 1.625 millóns ata 2020 con esta folla de ruta da innovación sustentada no apoio ás pemes, a implicación do capital privado, a transferencia de resultados e o emprendemento innovador.

A XUNTA IMPULSARÁ EN 2017 A INSTALACIÓN DE 1.400 CALDEIRAS DE BIOMASA COAS QUE SE AFORRARÁN PRETO DE 3 MILLÓNS DE EUROS AO ANO

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 11,7 millóns a catro ordes de axudas centradas na instalación de equipamentos térmicos e a posta en marcha de redes de district heating***
- ***As axudas enmárcanse dentro da Estratexia Integral de Impulso á Biomasa, que tras a activación destes apoios levará contribuído á colocación de 4.000 caldeiras***
- ***As novas ordes súmanse a outros plans do Goberno galego para impulsar o sector da biomasa térmica, como a rede de subministración instalada no complexo administrativo de San Caetano e a colocación de equipos nos hospitais públicos galegos e en diferentes sedes xudiciais***

A Xunta impulsará en 2017 a instalación de 1.400 caldeiras de biomasa coas que se aforrarán preto de 3 millóns de euros ao ano fronte á utilización doutros tipos de combustibles e que evitarán a emisión á atmosfera de 20.600 toneladas de CO₂. Para iso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria destinará este ano un total de 11,7 millóns de euros ao fomento do uso da biomasa forestal con fins térmicos.

Así, tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, activaranse neste 2017 tres convocatorias centradas na adquisición de caldeiras e que apoiarán, ademais, a adquisición de estufas de aire, cociñas calefactoras, xeradores de aire quente e o cambio de queimadores en equipos xa existentes. Ademais, convocarase un cuarto programa de axudas específico para a posta en marcha de redes de distribución de calor (*district heating*).

Estas axudas, que poden chegar ata o 75% do investimento, enmárcanse na Estratexia integral de impulso á biomasa con fins térmicos, coa que a Xunta busca fomentar a eficiencia enerxética e diminuír o consumo de enerxías convencionais para reducir a dependencia enerxética do exterior, ao tempo que se impulsa a industria asociada e se mellora a xestión e o rendemento dos montes galegos.

A primeira das convocatorias deste ano, dotada con máis de 2,2 millóns de euros e que hoxe mesmo se publica no DOG, está destinada aos fogares galegos dentro do Plan de vivenda da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Ao abeiro deste programa, os particulares poden beneficiarse de axudas de ata 50.000 euros por proxecto. Cofinanciados con fondos Feader, os apoios céntranse no rural, excluindo as zonas densamente poboadas que maioritariamente se sitúan nas sete grandes cidades. O prazo de presentación das solicitudes estará aberto desde o 24 de marzo ata o 23 de abril, e previamente ábrese un prazo para que se adhiran as entidades colaboradoras.

Tamén neste mesmo mes de marzo está prevista a publicación dunha convocatoria dotada con fondos Feder destinada a empresas, favorecendo a súa competitividade; entidades sen ánimo de lucro e administracións públicas, cun orzamento de máis de 4,6 millóns de euros e apoios de ata 200.000 euros por proxecto e un millón por beneficiario.

A estas dúas convocatorias sumarase proximamente a destinada a impulsar proxectos singulares de redes de distribución de calor con biomasa (*district heating*), que o ano pasado se puxo en marcha por primeira vez. O programa, dotado con fondos Feder, contará cun orzamento de 4,5 millóns de euros, e con axudas de ata un millón de euros por proxecto ou beneficiario.

Como novidade, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicará unha nova convocatoria específica para impulsar as enerxías renovables no sector agroalimentario, dentro da cal se prevé destinar 275.000 euros ao fomento da biomasa con fins térmicos.

Estas ordes póñense en marcha no marco da Estratexia Integral de Impulso á Biomasa, que promove o uso deste combustible con fins térmicos para impulsar o desenvolvemento das áreas rurais e do sector primario, favorecer a economía familiar e das pemes, xerar emprego cualificado e mellorar a calidade de vida da cidadanía. Coa activación das axudas das que hoxe se informou no Consello da Xunta, ao remate de 2017 levarase apoiado a instalación de 4.000 caldeiras de biomasa en fogares, administracións e empresas galegas desde a posta en marcha da Estratexia en 2014, o que permitirá aforrar 20 millóns de litros de gasóleo ao ano, e deixar de emitir 60.000 toneladas de CO₂ cada exercicio.

Estes apoios impulsan o sector da biomasa térmica como combustible autóctono, renovable e respectuoso co medio ambiente, e súmanse a outros proxectos promovidos desde a propia Administración galega, como a rede de subministración de enerxía térmica xerada con biomasa -*district heating*- no complexo administrativo de San Caetano, que entrou en funcionamento en decembro; o impulso do uso da biomasa no Servizo Galego de Saúde (Sergas) a través do Programa EcoHospital, ou as actuacións realizadas en varios edificios xudiciais da Xunta de Galicia.

O Goberno galego tamén puxo en marcha o Foro da Biomasa, e conta co Observatorio da Biomasa, un portal web (www.observatoriobiomasa.gal) no que se realiza un seguimento da actividade dos axentes que forman parte deste sector en Galicia co obxectivo principal de impulsar o seu desenvolvemento e modernización con fins enerxéticos.

Na actualidade, en Galicia existen 9 plantas de produción de biomasa (7 de pellets e 2 de estelas, ás que se sumará unha terceira este ano). En total, a produción aproxímase ás 200.000 toneladas anuais (distribuídas ao 50% entre pellets e estelas); achegando 300 postos de traballo.

O SERGAS TRABALLA A PROL DA HUMANIZACIÓN NO TRATO CO SEU PROXECTO CÓDIGO AMABLE

- *Búscase coñecer cales son as expectativas dos pacientes, cales son os obxectivos de calidade e as oportunidades de mellora e que aspectos da atención sanitaria son os máis valorados polos usuarios*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou os membros do Consello da Xunta sobre o proxecto Código Amable, que ten por obxectivo a mellora do trato e a calidade percibida polos usuarios do Servizo Galego de Saúde nos seus contactos ambulatorios co sistema.

O seu obxectivo é crear un marco que fomente o desenvolvemento de servizos sanitarios centrados no paciente, de xeito que, ademais de ser tratado clinicamente das súas patoloxías, se sinta satisfeito polo servizo e a atención global prestada polo Sergas.

O Código Amable é un método de avaliación centrada nas necesidades dos pacientes; identificar as áreas de mellora nos centros sanitarios; comparar a situación e os resultados dos distintos centros dende unha perspectiva homoxénea; sistematizar unha cultura de excelencia mediante o establecemento de requisitos comúns; incrementar a satisfacción dos pacientes; e mellorar o prestixio da institución.

Nove categorías de avaliación

O modelo de Código Amable organízase en torno a nove categorías de avaliación que inflúen na percepción da calidade dos usuarios. A primeira, *Desprazamentos*, inclúe elementos como o aparcamento, a existencia de carteis informativos sobre o transporte público e a dispoñibilidade de medios e persoal para axudar as persoas nos seus desprazamentos internos polo edificio. A segunda, *Sinalización*, refírese a factores como os carteis -mapas, directorios, etc.- e as identificacións nos uniformes dos profesionais.

Na categoría de *Comunicación* téñense en conta axentes como os sistemas de chamada -megafonía e pantallas-, a existencia de pictogramas e tradutores e a utilización de protocolos informativos, como a entrega por escrito de recomendacións e tratamentos. No eido da *Privacidade e intimidade* valórase que o sistema de chamadas non aluda directamente ao nome do paciente ou que exista un protocolo de información sobre a presenza de alumnos nas consultas.

A quinta categoría refírese aos *Tempos de espera*, e abrangue cuestións que atinxen á puntualidade das consultas, á existencia dun sistema de citas por tramos horarios razoables e á información dos tempos de espera estimados cando existen retrasos. Na

categoría sobre o *Trato* inclúense factores como a adaptación ao perfil do paciente da información que se lle facilita sobre o resultado das probas diagnósticas; que os profesionais analicen a historia clínica do paciente antes de que este entre na consulta e dediquen tempo a escoitalo; que exista unha identificación clara do profesional; e que haxa criterios de actuación en caso de conflito.

No ámbito da *Información* valórase que exista un protocolo de intercambio de datos entre niveis asistenciais ou servizos e que haxa procedementos para recordar e suspender as citas; e no eido das *Infraestruturas* inclúense elementos como a revisión estética das consultas para facelas máis acolledoras -sobre todo no ámbito pediátrico-, a existencia de espazos e mobiliario adaptados á demanda, e a disposición de materiais de educación sanitaria nas salas de espera.

Por último, na categoría de *Organización interna* tense en conta que se promova que os cidadáns actualicen os seus datos persoais na zona administrativa e que a citación para calquera proba ou consulta se facilite no mostrador da área onde foi atendido o paciente, para evitar o seu desprazamento polo centro sanitario.

O emprego dunha metodoloxía de valoración dos distintos centros sanitarios a través da puntuación dos diversos factores agrupados nestas nove categorías permite orientar as actividades de mellora que sexan necesarias; medir o progreso obxectivo ao longo do tempo; identificar boas prácticas; e xerar un entendemento común sobre a importancia e os pesos relativos das iniciativas, accións e resultados.

A iniciativa Código Amable desenvolveuse e pilotouse no ano 2015 a través dun subproxecto de InnoSaúde liderado pola Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade do Sergas e a súa homóloga da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Santiago. En 2016 incluíuse como obxectivo dentro dos acordos de xestión coas sete EOXI a súa aplicación en modo de autoavaliación en polo menos un servizo de consultas externas dun hospital ou nun centro de saúde; e en 2017 está previsto pasar á etapa de avaliación externa coa realización de auditorías cruzadas entre as distintas EOXI.

PRETO DE 600 PERSOAS CON DISCAPACIDADE OBTIVERON AXUDAS INDIVIDUAIS PARA SERVIZOS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL EN 2016

- *As subvencións concedidas permitiron o acceso a servizos de fisioterapia, formación prelaboral ou atención psicolóxica, entre outros*
- *A Xunta de Galicia considera a prevención da dependencia como un acto de priorización de intervencións públicas no ámbito social para a mellora da calidade de vida da poboación galega*
- *Deste xeito, o goberno autonómico destinou un crédito de máis de 730.000 euros, cofinanciado nun 80% con fondos FSE no programa operativo de Galicia 2014-2020*

A Consellería de Política Social deu conta hoxe no Consello da Xunta do informe sobre a orde de concesión de axudas individuais para a adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal e servizos complementarios de asistencia persoal, e que reflicte, que durante o ano 2016, un total de 583 persoas con discapacidade resultaron beneficiarias destas.

Entre as subvencións concedidas, o servizo máis demandado foi o de fisioterapia, que ocupa o 20,92% sobre o total de concesións, seguido de formación prelaboral co 16,66%, atención psicolóxica co 12%, logopedia e atención pedagóxica co 4,97% respectivamente, e o servizo de respiro familiar a través da axuda no fogar, servizos complementarios de asistencia persoal e terapia ocupacional co 4,80%, 4,80% e 4,63% respectivamente.

Todos os beneficiarios, empadroados en municipios galegos, presentan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Así mesmo, considérase que teñen este grao de discapacidade os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

A Xunta de Galicia considera a prevención da dependencia como un acto de priorización de intervencións públicas no ámbito social para a mellora da calidade de vida da poboación galega, así como de racionalidade económica e solidaria coas futuras xeracións. A protección e mellora da calidade de vida das persoas é fundamental para que Galicia poida medrar e, para iso, é preciso implicar nesta tarefa a todas as administracións públicas e as entidades privadas.

Cómpre destacar que o aumento da esperanza de vida, as melloras na sanidade pública, na atención sanitaria e dos servizos sociais, así como a adopción de

determinados estilos de vida, condicionou en parte as características das situacións de dependencia existentes hoxe en día. Consciente deste feito e de que o enfoque preventivo é unha das ferramentas máis efectivas para lograr un envellecemento activo, o goberno galego aprobou en 2016 esta liña de axudas para as que destinou un crédito de 730.185 euros, cofinanciado nun 80% con fondos FSE no programa operativo de Galicia 2014-2020.

O PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS PERMITIU ARRANXAR 810 KM DE VÍAS CUN INVESTIMENTO TOTAL DE 16,2 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao informe da Consellería do Medio Rural sobre os resultados acadados ao longo do ano pasado con esta iniciativa*
- *A finalidade principal destas actuacións foi mellorar a calidade de vida dos habitantes do rural galego a través da adecuación das infraestruturas viarias*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao informe da Consellería do Medio Rural sobre os resultados de execución do Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias, co que se arranxaron 810 quilómetros de vías públicas por un montante de 16,2 millóns de euros.

En total foron 293 os concellos que se beneficiaron deste plan, despois de que algún deles renunciase á axuda. O investimento executado por provincias sitúa a de Lugo á cabeza, con 4,8 millóns de euros investidos. Séguenlle A Coruña, con 4,5 millóns de euros. Ourense, con 4 millóns e Pontevedra, con 2,8 millóns de euros.

O importe máximo das axudas correspondente a cada un dos municipios veu determinado pola aplicación duns parámetros previamente consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) que atenden criterios como a poboación, superficie, grao de despoboamento, grao de envellecemento e o peso do agro de cada concello.

A finalidade principal destas actuacións foi mellorar a calidade de vida dos habitantes do rural galego a través do arranxo das infraestruturas viarias. Deste xeito, acondicionouse o acceso ás 30.000 entidades nas que se asentan as vivendas da poboación rural, negocios e explotacións.

As obras consistiron na ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais que faciliten o acceso a dúas ou máis parcelas integrantes de explotacións agrarias. Tamén se favoreceu o acceso a montes veciñais en man común e o acceso a parcelas incorporadas ao Banco de Terras.